

Programación Xeral Anual



CEIP de Petelos - Mos

Curso 2022 – 2023

ÍNDICE

1. Obxectivos para o curso 2022-2023.....	4
2. Actualizacións nos distintos plans e proxectos do centro..	7
2.1. Proxecto Educativo.....	7
2.2. Proxecto Lingüístico.....	7
2.3. Plan de Convivencia.....	7
2.4. Plan de Autoprotección.....	7
2.5. Plan de igualdade.....	7
2.6. Plan dixital.....	8
2.7. Outros plans e proxectos do centro.....	8
3. Concrecións metodolóxicas e organizativas do centro.....	9
3.1. Estratexias metodolóxicas de atención ó alumnado con NEE.....	9
3.2. Plan de potenciación das relacións da comunidade educativa coa familia	11
3.3. Plan anual de lectura.....	12
3.4. Plan de dinamización da lingua galega.....	21
3.5 Criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares.....	23
3.6. Plan xeral de avaliación do centro.....	23
4. Anexos.....	24
4.1. Cadro de organización pedagóxica.....	26
4.2.- Plan de actuación do equipo directivo e órganos colexiados.....	28
4.3. Calendario de reunións dos órganos de goberno e coordinación docente	29
4.4.- Xornada escolar e horarios do centro.....	32
4.5.- Quendas de vixilancia dos recreos.....	35
4.6. Horario de atención ó público.....	36
4.7 Libros de texto e materiais por curso.....	36
4.8.- Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.....	39
4.9 Plan de traballo equipo de convivencia e igualdade.....	41
4.10- Plan de traballo Equipo TIC -Proxecto E_DIXGAL.....	44
4.11- Plan de traballo Equipo Biblioteca.....	46
4.12. Plan PROXECTA.....	52
4.13.- Persoal non docente.....	56

4.14.- Comedor escolar	57
4.15.- Transporte escolar	58
4.16.- Utilización das instalacións do centro	59
4.17.- Actividades extraescolares – ANPA: 2022-23.....	60
4.18.- Actividades extraescolares e complementarias – Concello 2022-23.....	61

1. Obxectivos para o curso 2022-2023

Introdución e contextualización

O CEIP de Petelos (Mos) é un centro público de Educación Infantil e Primaria. É un centro dunha soa liña con 17 mestres a tempo completo e 2 mestre itinerante (pertencentes ó noso claustro) e 1 mestres máis itinerantes con diferente centro base.

Ten 149 alumnos e hai un desdobre en 6º Ed. Primaria.

O seu principal obxectivo, definido no seu Proxecto Educativo, é o desenvolvemento integral das capacidades dos alumnos de cara a preparalos para unha sociedade máis participativa e democrática.

O centro está situado nun concello de ámbito rural pero limítrofe coa cidade de Vigo e Porriño, o que fai que a poboación que vive neste entorno semi-rural, poida beneficiarse e/ou sufrir a influencia destas zonas urbanas.

O número de alumnos por curso queda distribuído da seguinte forma:

Inf-3: 16 alumnos	1º: 15 alumnos	3º: 14 alumnos	5º: 14 alumnos
Inf-4: 14 alumnos	2º: 15 alumnos	4º: 15 alumnos	6ºA/B: 28 alumnos
Inf-5: 18 alumnos	TOTAL: 149 alumnos		

Obxectivos específicos para curso 2022-2023.

- A. Afianzar o Plan de mellora de bibliotecas escolares. Potenciar a dinamización da biblioteca escolar como centro de recursos e actividades para o toda a comunidade educativa.
- B. Seguir dinamizando a lingua galega a través dos xogos, festas, proxectos , conmemoracións,...
- C. Continuar e afianzar o Proxecto E-Dixgal, dentro da filosofía do centro para convertelo nun proxecto continuista no tempo.
- D. Dar maior visibilidade ás actividades complementarias realizadas no Centro a través da nosa Web.
- E. Continuar co traballo desenvolvido polo grupo TIC e manter actualizada a Web do centro.

- F. Poñer en marcha accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado e do profesorado, necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial. Poñer en marcha e potenciar o uso da Aula Virtual como medio de aprendizaxe, intercambio de tarefas, reforzo...
- G. Estimular, promocionar e valorar o uso racional das novas tecnoloxías.
- H. Prestar especial atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.
- I. Fomentar un lecer activo, promovendo diferentes actividades no tempo de recreo.
- J. Promover hábitos saudables no referente a alimentación, actividade física.
- K. Continuar e potenciar o funcionamento da Radio Escolar como recurso educativo.
- L. Estimular a curiosidade do alumnado cara a creación audiovisual e o uso das tecnoloxías da comunicación.
- M. Fomentar unha conciencia no alumnado de consumo responsable e coidado do planeta.

1.1.- Actividades a desenvolver

- A. As definidas no Plan de Biblioteca para este curso.
- B. Continuación do traballo desenvolvido nos cursos pasados en relación á utilización dos xogos, festas tradicionais, proxectos e conmemoracións para acadar unha boa competencia en lingua galega.
- C. Comunicazóns, convites e apertura do Centro a toda a Comunidade educativa. Diálogo continuo coa ANPA e o Concello.
- D. Aquelas que promoverá o grupo de TIC para innovar, actualizar e dinamizar a web do centro e o uso das TIC, así como a Aula Virtual do centro.
- E. Ademais do uso das Novas Tecnoloxías como un compoñente transversal e de utilización habitual en todas as áreas, o alumnado de 4º e 6º de Ed. Primaria, contará cunha sesión semanal de “Afondamentos e reforzo” onde se traballarán os audiovisuais e Radio.
- F. Potenciación no uso de materiais TIC (pantallas dixitais, tablets, bee-bot, scornabots).

- G. Patios Activos, ofrecerase ós alumnos/as diferentes materiais e actividades ó longo do ano para incentivar a actividade física no tempo de lecer.
- H. Distribución de leite, froita fresca e castañas entre o alumnado e actividades relacionadas co fomento de hábitos saudables de alimentación.
- I. Continuación co funcionamento da radio escolar, tratando de implicar ó alumnado no proceso de elaboración do programa de radio.
- J. Traballo en proxectos medioambientais e de coidado da nosa contorna.

2. Actualizacións nos distintos plans e proxectos do centro

2.1. Proxecto Educativo

- Segue vixente o Proxecto Educativo de centro elaborado e aprobado no curso 2011-2012.

2.2. Proxecto Lingüístico

Addenda do Proxecto Lingüístico curso 2022-2023

Para determinar a lingua predominante no contorno deberemos ter en conta a experiencia recollida ao longo destes anos e o estudo feito no proxecto sociolingüístico.

Neste curso observouse entre o novo alumnado de 3 anos que dos 16 alumnos, (7 nenas e 9 nenos), a 14 fálanlle en castelán e a 2 en galego.

Por todo o dito consideramos que a lingua materna predominante é o castelán polo que o alumnado na etapa de educación infantil será escolarizado nun principio nesta lingua para progresivamente ir adquirindo o galego tal como vén recollido na normativa legal, tratando de conseguir a final de etapa o obxectivo de ter unha boa competencia oral nas dúas linguas oficiais.

2.3. Plan de Convivencia

- Segue vixente o Plan de Convivencia establecido no centro, aprobado en xuño de 2018. Durante este curso compre unha revisión en profundidade deste Plan

2.4. Plan de Autoprotección

- Segue vixente o Plan de Autoprotección do centro. Revisarase e trataremos de realizar o longo do curso algún simulacro no centro.

2.5. Plan de igualdade

Neste curso é necesaria unha revisión do Plan de igualdade e a inclusión neste das diferentes propostas realizadas dende o equipo de convivencia.

2.6. Plan dixital

Despois da súa elaboración o curso pasado comezará a implementarse neste curso.

2.7. Outros plans e proxectos do centro

A través do Plan Proxecta participaremos nas modalidades de “Xermoliño”, “Vida activa e saudable” e “O monte vivo” (Anexos)

Tamén solicitamos a nosa participación nos Contratos-programa Innova (CPIInnova) nas modalidades de EDUSaude, EDUSostenibilidade e EDUexcelencia.

Ademais neste curso tamén estamos a espera da concesión do Programa educativo “Polos Creativos” solicitado o final do curso 2021-2022.

Continuación do PFPP , neste curso traballaremos entre outras as liñas: Competencia dixital e competencia didáctica.

3. Concrecións metodolóxicas e organizativas do centro

3.1. Estratexias metodolóxicas de atención ó alumnado con NEE

A atención á diversidade resulta esencial nun proceso que debe contemplar a especificidade do alumnado e tamén as dificultades da aprendizaxe que existen nos diversos casos. A liña de partida será a inclusión e normalización, por iso é moi importante a detección para deseñar as medidas de intervención oportunas que faciliten a resposta educativa por parte do centro e dos profesionais que interveñan no proceso de ensino-aprendizaxe.

Neste curso 2022-23 propoñémonos dar unha resposta educativa axustada ás características individuais do alumnado referidas a capacidade, motivacións e intereses, dende un labor compartido entre os titores, a orientadora e os apoios de PT e AL.

a) **TITORES/AS:** A función dos/as titores/as é fundamental na prevención, detección e intervención das NEAE. Na aula son axentes de identificación de dificultades e de prevención. En moitos casos a intervención no día a día da aula é suficiente para dar resposta ás necesidades dos nosos alumnos e alumnas; pero noutras ocasións a gravidade da dificultade require poñer en marcha o mecanismo das especialistas.

b) **ORIENTADORA:** Cando un/ha titor/a detecta necesidades que non pode atender na aula, deriva ao equipo de orientación unha demanda de intervención. Nun primeiro momento a orientadora valora as necesidades por medio de probas máis específicas e logo organízanse os apoios en función da dificultade atopada.

Outras das funcións da orientadora son: atender demandas das familias, orientar para a organización e funcionamento do centro, realizar probas colectivas nas aulas para detectar necesidades, elaborar o plan de orientación e a memoria do departamento, convocar as reunións do departamento e facer as actas correspondentes, coordinación co IES de Mos, ao que estamos adscritos, colaboración co plan de acollida do novo alumnado de 3 anos,...

c) **MESTRA ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**

A mestra especialista en Pedagogía Terapéutica atenderá fundamentalmente ao alumnado con problemas nas competencias clave referidas a aprender a aprender, competencia en comunicación lingüística, competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía de na etapa de Educación Primaria, levando ao cabo actuacións de reforzo nas aprendizaxes curriculares, sobre todo nas áreas instrumentais. Con estas

actuacións tratarase que tódolos alumnos do centro acaden, ao remate da Etapa de E. Primaria, as competencias clave e os obxectivos propostos para cada etapa, contribuíndo así ao seu maior desenvolvemento. Na etapa de Educación Infantil, se atenderá ao alumnado con NEAE, así como aqueles nenos/as con dificultade na adquisición da linguaxe expresiva e comprensiva e dos procesos cognitivos básicos.

d) **MESTRA ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE**

A **mestra especialista en Audición e Linguaxe**, atenderá fundamentalmente ao alumnado con problemas no ámbito da comunicación nas etapas de Educación Infantil e Primaria, levando ao cabo actuacións nos ámbitos fonético-fonolóxico, sintáctico, semántico e pragmático. Con estas actuacións tratarase de contribuir a que tódolos alumnos do centro acaden ao remate da Etapa de E. Primaria a competencia en comunicación lingüística. Dita competencia fai referencia á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de regulación e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

Para determinar que alumnos/as recibirán atención da especialista de AL e PT no centro, así como para a organización dos apoios, farase unha análise na que se terá en conta:

- As memorias do curso anterior.
- As demandas dos titores e os seus informes respectivos sobre a descrición da dificultade que presenta o alumno.
- Informes médicos existentes.
- Valoracións complementarias da orientadora.
- Criterios do centro para a atención das NEAE.

Para dar resposta ás NEAE do centro, os apoios se establecerán ó longo do curso dun xeito flexible tanto nos agrupamentos, horarios, ámbitos de actuación...

As mestras especialistas en AL e PT e a orientadora realizarán unha reunión semanal para valorar as actuacións levadas a cabo, atender as demandas do profesorado, aclarar dúbidas, por en común o noso labor diario, etc...

3.2. Plan de potenciación das relacións da comunidade educativa coa familia

Para a comunicación coas familias seguiremos o establecido no Plan de comunicación de centro aprobado en Claustro en xuño de 2021.

Ó longo do curso as familias recibirán tanta información sexa necesaria sobre o desenvolvemento da aprendizaxe dos seus fillos/as. Esta información será nalgúns casos oral, vía telefónica ou nas diversas xuntanzas que se establezan, e noutros casos por escrito, a través do Abalar-móbil, o correo electrónico e a través dos boletíns informativos.

Como norma habitual haberá a principios de curso reunións de nivel ou ciclo nas que os titores comentarán ós pais/nais aqueles aspectos xerais da organización do centro e das aulas.

Sempre que un pai/nai ou titor legal solicite información dos alumnos poderá recibila no horario reservado de atención ás familias (tódolos martes de 16:00 a 17:00 horas) para o que deberá poñerse en contacto co mestre/titor para que lle dea cita. Isto pode facelo a través do propio neno/a, ben chamando ó Centro ou a través da app Abalar Móbil. Naqueles casos nos que non se poidan adaptar ó horario antes citado e que sexa debidamente xustificado, intentarase flexibilizar o horario para que as familias poidan recibir cumprida información. En calquera caso sempre terán que poñerse previamente de acordo co mestre/titor.

Cada trimestre, as familias recibirán información por escrito, a través do Boletín de cualificacións, que unha vez recibido deberá ser devolto debidamente asinado, agás no derradeiro trimestre.

O xeito de notificar reunión ou calquera outro tipo de información será por escrito a través dos nenos/as ou a través da app Abalar Móbil, polo que os pais deberán, sobre todo no caso dos máis pequenos, comprobar se hai notificacións. No caso de que a convocatoria de reunión cos pais sexa realizada por un profesional distinto do titor/a, esta convocatoria deberá facerse sempre a través do propio titor/a co obxecto de que teña constancia da mesma.

Se o documento informativo que se envíe ou entregue ó solicitante prevé a devolución cun “recibín”, este estará obrigado a súa devolución, en caso contrario, a reiteración no incumprimento motivará que o centro non teña obriga de seguir remitindo ningún tipo de información.

3.3. Plan anual de lectura

Unha das finalidades da Educación é a adquisición das habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral e á lectura. A lectura, ademais de sentila como un pracer, debemos pensar que é o medio a partir do cal adquirimos gran parte dos mecanismos de aprendizaxe que nos axudan ao desenvolvemento da nosa intelixencia e da convivencia cos demais.

A escolla de textos e de actividades de dinamización lectora ten como finalidade:

- O fomento do hábito lector.
- A utilización das bibliotecas.
- A formación integral do noso alumnado.

OBXECTIVOS:

- Fomentar o hábito lector en todos os soportes e en todos os contextos.
- Traballar a lectura conxuntamente coa expresión oral e escrita.
- Aprender a facer unha lectura reflexiva, interpretando e comprendendo textos de índole variada (novela, teatro, poesía, cómics, xornais, documentos...) e en soportes diferentes (impresos e electrónicos).
- Considerar a comprensión lectora como unha materia transversal que debe ser traballada xunto ás diferentes técnicas de estudo para que o alumnado mellore a súa aprendizaxe.
- Saber buscar información en diferentes soportes, comparar e extraer os datos necesarios.
- Integrar os recursos da biblioteca nos currículos das diferentes materias.
- Incorporar as novas tecnoloxías como novas fontes de información, aprendendo a utilizalas e analizar os datos con espírito crítico.
- Formar lectores e favorecer a adquisición das competencias clave que permitan ao alumnado enfrontarse ás esixencias no ámbito escolar e ao seu futuro social e laboral.
- Implicar ás familias, apoiando e axudando ao profesorado no seu labor.

A consecución destes obxectivos pretende converter a biblioteca escolar nun instrumento fundamental para o desenvolvemento e o éxito do Proxecto Lector. Sendo a biblioteca o

CEIP de Petelos páx: 12 de 61

centro de referencia de recursos de lectura, información e aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade e as aprendizaxes .

- **TAREFAS DO EQUIPO DE BIBLIOTECA**

- Catalogación no MEIGA das novas adquisicións.
- Planificación das actividades da biblioteca por trimestres.
- Revisión da sinalización para repoñer, actualizar e mellorar.
- Creación dunha guía de usuarios.
- Adquisición de novos fondos integrando as propostas dos mestres/as e tendo en conta
- os proxectos do centro.
- Realización de horarios de uso da sala.
- Formación e asesoramento ao equipo de axudantes.
- Supervisión dos empréstitos e devolucións.
- Coordinación das Bolsas e Mochilas Viaxeiras.
- Formación de usuarios da Biblioteca.
- Planificación, organización e difusión da nosa PDI : "Coidamos o noso planeta".
- Difusión das actividades realizadas a través do blog da biblioteca e o twitter da biblio.

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPO DE LECTURA

A)Organización do **tempo para a lectura** no Centro:

- Hora de ler :todos os días da semana, durante 20' despois do recreo, nos que se fan dende lecturas individuais, dirixidas, colectivas (libros fixados no itinerario lector), programas de RadioPetela ata diferentes actos na biblioteca.
- Cada aula contará cunha sesión semanal de acceso á biblioteca.
- Clubs de lectura de 5º e 6º nivel en varias sesións programadas ao longo dos tres trimestres.

B)Organización de **espazos de lectura**:

-Biblioteca Escolar: dispón de materiais de carácter informativo e de ficción en distintos soportes seleccionados en función do alumnado, da etapa, as áreas, o Proxecto Lector e o Plan Anual. Trátase dun espazo de lectura, de traballo, de investigación e libre.

-Aula: dispón de libros de ficción e libros informativos.

-Recuncho de lectura/xogos: na planta baixa, onde o alumnado dispón de libros de ficción, libros informativos , xogos didácticos e revistas.

RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS:

A) Actividades na hora da biblioteca ou na Hora de ler.

- “Hora de Ler”: lectura silenciosa de libros prestados pola biblioteca do centro, aula ou do propio alumnado, lectura colectiva en voz alta sobre textos seleccionados na titoría, itinerarios lectores, lectura libre...
- Hora de Biblioteca: lecturas de diferentes estilos de textos ligados ás conmemoracións ou semanas organizadas dende a biblioteca; actividades de organización, procura de libros e información; alfabetización informacional , formación de usuarios; préstamo; actividades de consulta-investigación.

b) Actividades de lectura compartida (apadriñamentos lectores, lectura en parella....)

- Apadriñamento lector no día do Libro, lecturas compartidas no Día da Poesía e outras conmemoración sinaladas .
- Contacontos por parte do propio alumnado a outros compañeiros/as.
- Lectura nas diferentes áreas: lectura e escritura de textos dos diferentes ámbitos das áreas escolares e razoamento e expresión oral-escrita sobre as actividades propostas polo profesorado; manexo de estratexias e técnicas de estudo.

c) Clubs de lectura: fomentar o hábito da lectura, a posibilidade de comunicación cos seus iguais e a oportunidade de compartir gustos, inquiredanzas, significados, emocións e opinións sobre as lecturas seleccionadas coa mediación dun adulto que conduza todo o proceso.

RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA.

- O equipo directivo, apoiando e asegurando a posta en práctica do Plan de lectura.
- O equipo responsable do funcionamento da biblioteca, coordinando as actividades que se desenvolven ao longo do curso en torno a lectura e xestionando o uso dos recursos bibliográficos e documentais, así como o desenvolvemento do Plan de Lectura.
- O profesorado participando e colaborando no desenvolvemento e realización das distintas actividades de animación lectora que son acordadas polo grupo dinamizador da biblioteca. O profesorado realiza, ademais, actividades de apoio con aqueles alumnos/as que presentan n.e.a.e. ou que levan un retraso curricular importante respecto ao seu curso.
- Grupo coordinador de Actividades Extraescolares: coordinando a xestión das propostas dos diferentes grupos dinamizadores (biblioteca, EDLG, TIC...) para un mellor desenvolvemento das actividades propostas. Programación Xeral Anual 2022-2023.
- O alumnado sendo o receptor e protagonista fundamental das tarefas que se programan na animación lectora e na biblioteca.
- Os/as axudantes de biblioteca de 5º e 6º curso encargados na xestión de empréstitos, mantemento... que participarán na convocatoria de Voluntariado de lectura-A das Bibliotecas Escolares de Galicia.
- As familias implicadas, tanto directamente por realizar actividades relacionadas coa lectura no centro, como indirectamente, ao propiciar a lectura dos seus fillos/as.

ITINERARIO LECTOR

Un dos aspectos do Proxecto Lector que cómpre mimar é a selección de títulos para os diversos itinerarios lectores. Este curso, desde a Biblioteca do Centro, se facilitarán as coleccións apropiadas ás distintas idades para que as aulas poidan desenvolver esta actividade (ampliaranse os títulos nalgúns cursos ,sobre todo en lingua galega).

Ao longo do curso, en todas as aulas, trabállase con libros de autores/as en galego ou en castelán.

Educación Infantil

- Dende educación infantil ,a contribución ao fomento da lectura farase a través de distintas actividades:
- Lectura de contos ao chegar do recreo por parte da mestra.
- “Lectura "individual dos contos e libros da biblioteca de aula.
- Lectura dos libros aportados para os proxectos de aula.
- Préstamo de contos a fin de semana para seren leídos polas familias, con realización dalgunha actividade relativa ao conto
- Bolsas viaxeiras con libros da biblioteca, creando así un vínculo de motivación á lectura coas familias.
- Memorización de adiviñas, rimas, trabalinguas...
- Recomendación de regalar un libro no Nadal.
-

1º Ciclo de Ed.Primaria

No 1ºciclo dentro do plan lector realizaremos as seguintes actividades.

O alumnado participará de xeito activo no Proxecto Lector de Centro, que establece as directrices para o fomento do hábito lector e o desenvolvemento da comprensión lectora. Este traballo levarase a cabo dende tódalas materias coa participación de todo o profesorado que imparte clase neste nivel. Durante este curso, traballaremos os seguintes contidos:

- Hora de ler: dedicar cada día 20 minutos á lectura.

- Lecturas colectivas a través do fondo que posúe a biblioteca escolar do centro.

-Intercambio lector: Cada alumno/a aportará para a biblioteca de aula un libro que xa teña lido e que lle gustara. Deste xeito, aportaremos a biblioteca de aula novos exemplares para intercambiar entre o alumnado.

- Mochilas viaxeiras.

- Un libro polo Nadal: -No mes de decembro pedirase aos alumnos un libro en concreto, decidido polos Mestres de 1º e 2º nivel, que deberán traer no 2º trimestre para ler e traballar na aula formando parte do itinerario lector.

-Para celebrar o día do Libro visitaremos a biblioteca Municipal de Mos, si é posible este curso.

-Paralelamente á adquisición da lectura mecánica facemos exercicios de comprensión de textos nas áreas de lingua (exercicios específicos), matemáticas (problemas), sociais e naturais.

2º Ciclo de Ed.Primaria

Este curso en 3º e 4º dentro do plan anual de lectura, a máis das actividades de traballo propias das áreas de lingua, tamén se realizarán actividades como:

- Empréstitos na biblioteca do centro, unha vez estea operativa, elección de libros para a biblioteca de aula, lecturas colectivas a través do fondo que posúe a biblioteca escolar do centro, lectura por parte do alumnado dos seus libros favoritos; recitado , interpretación de poesías e pequenas obras teatrais, tanto en galego como en castelán.

-Como novidade, durante este curso e como proposta do equipo da biblioteca, levamos a cabo uns Itinerarios lectores dentro da “Campaña de animación á lectura”. Previamente os titores seleccionaremos seis libros dos que os nenos teñen que ler ao menos un en cada curso. Co obxecto que ao rematar a primaria teñan lido seis libros como mínimo.

-A máis disto contamos cunha sesión de 20 minutos que se estableceu no horario como “hora de ler”. Así rentabilizaremos esta sesión con actividades como: lectura libre, lectura silenciosa, lectura en voz alta por parte do titor, lectura en voz alta do alumnado,...

-Mochilas viaxeiras.

-Un libro polo Nadal: -No mes de decembro pedirase aos alumnos un libro en concreto, decidido polos Mestres de 3º e 4º nivel, que deberán traer no 2º trimestre para ler e traballar na aula formando parte do itinerario lector.

3º ciclo Ed. Primaria

Como é fundamental para a comprensión de textos ter unha lectura fluída e comprensiva, levaremos a cabo diferentes actuacións para tratar de mellorar a habilidade lectora.

Como norma xeral e ao inicio de cada unidade en lingua castelá e galega, faremos unha lectura de unha ou dúas páxinas.

Fóra do libro de texto, o alumnado dispón dunha biblioteca de aula e dunha biblioteca de centro. Á biblioteca de aula acuden voluntariamente cando unha vez rematada algunha actividade de clase queren facer lectura silenciosa. Á biblioteca escolar van unha vez por semana nunha sesión estipulada no horario para devolver ou recoller algún libro en préstamo durante unha semana prorrogable a dúas.

Estes libros lévanse para estimular o gusto pola lectura e en ningún caso se fai un comentario escrito sobre el, unicamente o profesor pregúntalle no momento da devolución se lle gustou.

A hora de ler, diariamente nunha sesión de 20 minutos despois do recreo. Dous días á semana realizarase lectura silenciosa dun libro dos escollidos na biblioteca de aula e outros dos días á semana faremos lectura colectiva. O outro dedicarémolo a lectura e comprensión oral e escrita dun texto.

Lecturas colectivas a través do fondo que posúe a biblioteca escolar do centro, Mochilas viaxeiras .Un libro polo Nadal: No mes de decembro pedirase aos alumnos un libro en concreto, decidido polos Mestres de 5º e 6º nivel, que deberán traer no 2º trimestre para ler e traballar na aula formando parte do itinerario lector.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS

1ºTRIMESTRE
Plan Anual de Lectura. Proxecto Lector.
Carnés do alumnado e profesorado de nova incorporación.
Elaborar itinerarios lectores.
Continuar coas "Mochilas Viaxeiras" e "Bolsas viaxeiras" .
Formación de usuarios: alumnado e profesorado.
Colaboración do alumnado de 5º e 6º como axudantes de biblioteca.
Participación nos clubs de lectura.
Boletíns con recomendacións lectoras.
Exposicións temáticas de libros.
Conmemoracións: bibliotecas escolares, Samaín, Mes da ciencia...
Proxecto Anual: Coidemos o noso planeta.
2º TRIMESTRE
Exposicións temáticas de libros e xornais.

<p>Conmemoracións: día de Rosalía e da narración oral.</p> <p>Día da poesía.</p> <p>Animación á Lectura</p>
<p>3º TRIMESTRE</p>
<p>Exposicións temáticas</p> <p>Conmemoracións: día do Libro .</p> <p>Letras galegas.</p> <p>Boletín con recomendacións lectoras.</p>

LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.

Aspectos importantes a ter en conta para facer do alumnado un bo lector:

- Contaxiar o habito lector.
- Respectar as súas eleccións.
- Aproveitar as datas de conmemoración.
- Aproveitar as recomendacións doutros alumnos, bibliotecas...
- Acompañar durante todo o proceso escolar a lectura.
- Pedir consello.

Cómpre facer fincapé no tema da lectura na reunión xeral de tutoría, ao comezo de curso, para que as familias tomen conciencia da importancia de ser modelos de conduta neste aspecto.

- Continuar coas "Mochilas viaxeiras" en primaria e as "Bolsas lectoras" en infantil actividade que implica un compromiso por parte das familias no coidado do material aportado na mesma, no tempo da devolución, na valoración do material...á vez que supón un tempo compartido en familia en torno aos libros.
- Continuar coa proposta de Familias Lectoras en Infantil, consiste na lectura dun conto ao alumnado de infantil para implicar as familias no proceso do fomento da lectura e a participación na escola.

-Proxecto Anual: as aportacións e colaboracións das familias nas distintas actividades propostas.

-Seguimento das familias das actividades levadas a cabo na biblioteca a través do blog e do twitter da biblioteca.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación será permanente ao longo de todo o proceso, introducándose as modificacións que sexan pertinentes co fin de garantir o mellor funcionamento posible de todas as actividades. Con todo, levaranse a cabo tres avaliacións:

a) Avaliación inicial:

-Da formación de usuario.

-Da comprensión lectora.

-Avaliación das necesidades e inquiredanzas do alumnado e profesorado.

b) Avaliación trimestral:

-Seguimento dos obxectivos fixados.

-Grao de satisfacción no desenvolvemento das actividades mediante enquisas que se achegan ao profesorado despois de cada unha delas.

c) Avaliación final (enquisa on-line):

-Grao de cumprimento dos obxectivos fixados no presente plan.

-Grao de satisfacción no desenvolvemento das actividades.

-Uso e organización da biblioteca.

-Valoración dos fondos e recursos da biblioteca.

-Das melloras acadadas na comprensión lectora.

-Fomento da lectura.

-Valoración da hora de ler.

-Implicación das familias e do entorno.

-Aspectos a mellorar.

3.4. Plan de dinamización da lingua galega

O EDLG quedou formado na reunión de claustro do 1 de setembro, conforme ás directrices que marca o Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

As actividades propostas para este curso a fin de dinamizar a lingua galega son:

- Promoción da lingua a través do exemplo diario.
- Elaboración de carteis e poemas en lingua galega, con motivo das distintas festas escolares.
- Elaboración do Periódico Escolar "As novas do Perral", en formato dixital, con traballos feitos polo alumnado.
- Elaboración de boletíns informativos "A Fala", relacionados coas festas escolares e co proxecto : " Coidamos o noso planeta".
- Actuación de contacontos e de autores/as de libros aconsellados.
- Realización de obras de teatro co alumnado para representar no centro.
- Realización de actividades interaulas (recitado, dramatización, música).
- Proposta aos pais e nais dunha relación de libros de lectura en galego, na campaña: "Polo Nadal un libro a regalar".
- Participación nas xornadas convocadas pola Dirección de Política Lingüística, así como nas distintas propostas do Concello e doutras entidades que incidan na normalización da nosa lingua.
- Aumento na dotación de libros en lingua galega para a biblioteca do centro.
- Promoción do xogo tradicional "As chapas" . Ensinar normas, marcar campos e facer un campionato.(Xogarase no mes de novembro).
- Promoción do xogo tradicional das bólas. Ensinar normas, marcar campos e facer un campionato.(Xogarase no mes de maio).
- Promoción doutros xogos tradicionais: goma, corda, mariola....
- Promoción da música en galego.
- Uso e almacenamento dropbox , pinterest, google drive...para compartir información e utilización do Abalar móbil para comunicarse coas familias.
- Actualización da páxina web do centro.

- Uso e actualización da aula virtual do Centro.
- Uso das TIC como unha ferramenta máis na aprendizaxe.
- Durante este curso e por medios dixitais, traballaremos o tema “Coidamos o noso planeta”, promovido dende a Biblioteca do Centro.
- Utilización de códigos QR para proporcionar información á comunidade educativa sobre as diferentes actividades que se fan no centro.
- Participación nas diferentes actividades que nos propoña o concello, A fundación Abanca, ... e aquelas que consideremos interesantes para completar e mellorar a actividade académica.
- Elaboración de materiais didácticos para a atención á diversidade.
- Utilización de materiais didácticos para a lectoescritura en galego.
- Participación nas festas escolares
 - Magosto : Concurso de “Búsqueda da castaña máis grande e pequena”, elaboración de portacastañas, preparación da cantiga do magosto.
 - Nadal : Preparación e representación dos cantos de aguinaldo nas aulas, actividade feita por todo o alumnado do colexio.
 - Entroido : Preparación das ordes do Meco para animar ao alumnado a ambientar a semana do entroido.
 - Día de Rosalía.
 - Os Maios : Celebración do maio e preparación e representación das cantigas de maio.
 - Semana das Letras galegas :
 - * Realización de actividades educativas.
 - * Festa da poesía, teatro e música na semana do 17 de maio.
 - * Exposición de carteis relacionados co autor homenaxeado, Francisco Fernández del Riego.
- A radio escolar. Promover o uso e dinamización da lingua galega a través da radio escolar no centro, facendo partícipe ao alumnado nas distintas festas e conmemoracións.
- Propoñer distintos retos para fomentar a oralidade en galego.

3.5 Criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares

A actividade escolar supón a parte fundamental da aprendizaxe do alumnado, porén, previamente consensuado cos pais e tendo en conta as actividades extraescolares do alumnado, pretendemos que cada día leve unha pequena tarefa escolar, que sexa complementaria ao traballo da aula.

Esta tarefa ten fundamentalmente dous obxectivos, en primeiro lugar crear un hábito de traballo diario que lle permita ir aumentando esa capacidade e en segundo lugar afianzar as aprendizaxes.

3.6. Plan xeral de avaliación do centro

No referente ó seguimento dos obxectivos da PXA e as súas actividades, a avaliación farase de dúas formas complementarias:

- **Unha avaliación continuada**, tendo en conta os indicadores de progreso neste proceso de avaliación, especialmente nas reunións periódicas do Equipo Directivo e da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- **Unha avaliación dos resultados**, anualmente, en paralelo á elaboración da memoria anual do centro.

Ademais de valorar a consecución dos obxectivos expostos dentro desta PXA, teranse en conta as seguintes prioridades nos “criterios de avaliación” do centro:

- Dinamización dos órganos de goberno e de coordinación docente do centro e impulso da participación dos diversos colectivos da comunidade escolar.
- Xestión dos recursos humanos e materiais, para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais.
- Organización do servizo de comedor.
- Organización da “aula madruga”.
- Disponibilidade para atender ó alumnado e ás súas familias, ofrecendo información e respondendo ás súas demandas.
- Organización do transporte escolar.
- Impulso e posta en marcha de programas de innovación educativa e de formación permanente que amplíen os recursos metodolóxicos do profesorado.

4. Anexos

4.1. Cadro de organización pedagóxica

- (ver anexo)

4.2. Plan de actuación do equipo directivo e órganos colexiados

- (ver anexo)

4.3. Calendario de reunións dos órganos de goberno e coordinación docente

- (ver anexo)

4.4. Xornada escolar e horario do centro

- (ver anexo)

4.5. Quendas de vixilancia dos recreos

- (ver anexo)

4.6. Horario de atención ó público

4.7. Libros de texto e materiais curriculares en cada curso

- (ver anexo)

4.8. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares

- (ver anexo)

4.9. Programa traballo do equipo de convivencia e igualdade.

(Ver anexo)

4.10. Programa traballo equipo TIC- Proxecto E-Dixgal.

(Ver anexo)

4.11. Plan PROXECTA

(Ver anexo)

4.12. Persoal non docente

- (ver anexo)

4.13. Regulamento da organización do comedor

- (ver anexo)

4.14. Regulamento de organización e plan do transporte escolar

- (ver anexo)

4.15. Plan de utilización das instalacións do centro

- (ver anexo)

4.1. Cadro de organización pedagóxica



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Departamento Territorial de Pontevedra

INSPECCIÓN EDUCATIVA
 Avda. Fernández Ladreda, 43-7º
 36003-PONTEVEDRA
 Telf.: 986805930 Fax: 986805699

CADRO RESUMO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA DO CENTRO - CURSO 2022/26	
IDENTIFICACIÓN DO CENTRO	
COLEXIO: <u>C.E.I.P. PETELOS</u> CÓDIGO: <u>36019441</u>	
DOMICILIO: <u>Camño das Pozas 21</u> TELÉFONO: <u>886110360</u> FAX: <u>886110361</u>	
LOCALIDADE: <u>PETELOS</u> CONCELLO: <u>MOS</u> CORREO ELECTRÓNICO: <u>ceip.petelos@edu.xunta.es</u>	
TIPO: Público <input checked="" type="checkbox"/> <u>INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIO Ó QUE ESTÁ ADSCRITO: IES DE MOS</u>	
Privado <input type="checkbox"/> Titular-Propietario _____	

COMPOSICIÓN XURÍDICA/AUTORIZACIÓNS (Nº DE UNIDADES)										
EDUCACIÓN INFANTIL	0-3	0	E.PRIMARIA E.S.O. E.S.P.O.	E.P.	E.S.O.	E.S.P.O.	TOTAL	ED. ESPECIAL	P.T.	0
	3-6	3		7			7		A.L.	0

CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABAJO DO COLEXIO											
Ei e EP	31	38	32	33	35	34	36	37	TOTALS	OBSERVACIÓNS	
	EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL			DO
CATALOGADOS	4	5	1	1	1	1	1	1	1	16	1 MESTRE DE A.L ITINERANTE CON CEIP MESTRE VALVERDE MAIO
FUNCIONANDO	4	6	1	1	1	1	2	2	1	19	1 ORIENTADORA ITINERANTE CON CEIP FELICIANO BARRERA

1º CICLO E.S.O.										2º CICLO E.S.O.														
	67	24	25	21	23	22	27	28	60	004	005	006	007	008	009	010	011	016	017	018	019	053	TOTAL	
	LG	LC	FI	CS	MT	CN	EF	EM	PT	LC	XH	MT	FQ	BX	Deb	FR	ING	MU	EF	PS	Tec	LG		
C.																								
F.																								

MATRÍCULA																										
GRUPOS	EDUCACIÓN INFANTIL				EDUCACIÓN PRIMARIA									ESO				TOTALS								
	3 Anos	4 Anos	5 Anos	TOTAL	1º CICLO			2º CICLO			3º CICLO			1º	2º	3º	4º									
A	16	14	14	46	15	15	30	14	15	29	14	28	42												151	
B																										
C																										
D																										
E																										
TOTALS	16	18	14	42	15	15	30	14	15	29	14	28	42													151
EE(1)	2			2										1	1	2										2

HORARIOS	LECTIVO	MARTES TARDE
E.I	9:15 - 14:15	16:00 - 18:00
E.P.	9:15 - 14:15	16:00 - 18:00
E.S.O.		

SERVICIOS COMPLEMENTARIOS		
	Nº de alumnos	Nº de vehiculos
TRANSPORTE ESCOLAR	85	3
COMEDOR ESCOLAR	Con Beca	Sen Beca
Nº DE COMENSALES	0	30

ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSONAIS			
CARGO	NOME E APELIDOS	DATA/NOMEAMENTO	OBSERVACIÓNS
DIRECTOR	Leticia Blanco Collazo	01-07-2021	
XEFE DE ESTUDOS	María Iglesias Domínguez	01-07-2021	
SECRETARIO	Ana Mª Álvarez Rocha	01-07-2021	
XEFE EST. SECUN.			

CONSELLO ESCOLAR	DATA CONSTITUCIÓN:					
	Profesores	Pais	Alumnos	Persoal non Docente	Rep. Concello	Rep. Empresas
Nº DE MEMBROS DE DEREITO	8	5			1	
Nº DE MEMBROS DE FEITO	8	5			1	

(1) Observacións: Do total, indicar o número de alumnos con NN.EE.EE



PROFESORADO ORDEADO DE EI – EP -ESO								
	NOME E APELIDOS	(1)	(2)	(3)	(4)	(5)	(6)	(7)
1	Maria Iglesias Domínguez	31	PD	Inf 3 anos	25	31, 32, 38		L. Fil. Ingl
2	Mª Yolanda Pereira Devesa	31	PD	Inf 4 anos	25	31, 38		
3	Sandra Campos Troncoso	31	PD	Inf 5 anos	25	31, 32, 38		
4	Mª Vanessa Rodríguez Moreno	31	PD	Inf	25	31, 32		
5	Alba Camiño Seoane	38	PD	1º Prim	25	38		
6	Iria Cuevas Rodríguez	38	PD	2º Prim	25	35, 38		
7	Susana Vázquez Bouza	33	PD	3º Prim A	25	34, 38		
8	Ana Mª Álvarez Rocha	38	PD	4º Prim B	25	31, 38		
9	Mª de los Angeles Collazo Fidalgo	38	PD	5º Prim	25	38		
10	Azucena Rodríguez Campo	38	PD	6º Prim	25	38, 33		
11	Jesús Rodríguez Amil	32	PD	6º Prim	25	38		
12	Alicia Castro Cabaleiro	31	PP	Inf e Prim	25	32, 38		
13	Mª Jesús Navarta Pardo	36	PD	Inf e Prim	25	36, 38, 37		
14	Raquel Domínguez Senlle	35	PD	Inf e Prim	25	35, 38		
15	Rosa Novoa Gallego	Relixión	PD	Inf e Prim	15			
16	Paula Rodríguez Pérez	37	PP	Prim	25	37		
17	Mª Dolores Rías Comesaña	37	PD	Inf e Prim	25	37, 38		
18	Leticia Blanco Collazo	34	PD	Inf e Prim	25	34, 36, 38		
19	Marcial Iglesias Amoedo	36	PD	Prim	25	36		
20	Mª Vanesa Graña Fernández	36		Inf e Prim	25	31		L. Psicope
21								
22								
23								
24								
25								
26								
27								
28								
29								
30								
31								
32								
33								
34								
35								
36								
37								
38								
39								
40								
41								
42								
43								
44								
45								

(1) Código do posto de traballo (2) Situación administrativa P.D. - PP. - I. - C- Outra; (3) Especificar niveis onde se imparte docencia; (4) Nº de hora semanais impartidas de docencia directa; (5) Nº de código das áreas en que está habilitado; (6) Idade; (7) Titulacións: especificar soamente as que non sexan de maxisterio

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA

Director 18 Xefe de estudos 1 Prof. E.E. 13, 19 Prof. A: 4
 Coordinadores E.I. 2 E.P. 1º Ciclo 6 2º Ciclo 7 3º ciclo 10 E.S.O. _____

DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS					
ÁREA	XEFE	MEMBROS	ÁREA	XEFE	MEMBROS

Cubrir áreas por códigos e membros polo nº de orde de profesorado

EQUIPOS DOCENTES		
CICLO/NIVEL	COORDINADOR	COMPONENTES
INFANTIL	2	1, 2, 3, 4, 12, 13, 14, 15, 17, 18, 20
1º CICLO PRIM.	6	5, 6, 12, 13, 14, 15, 17, 18, 20
2º CICLO PRIM.	7	7, 8, 12, 13, 14, 15, 17, 18, 20
3º CICLO PRIM.	10	9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20
E. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	14	1, 5, 8, 10, 11, 13, 14
EAComp	3	1, 2, 3, 8, 12, 16

INNOVACIÓN – FORMACIÓN – PERFECCIONAMIENTO	RESPONSABLE
BIBLIOTECA	2, 4, 7, 9, 11, 16, 18, 19, 20

(Especificar a participación en seminarios: proxectos de formación, integración, investigación, etc)

4.2.- Plan de actuación do equipo directivo e órganos colexiados

Desde o enfoque que se quere dar a este plan de actuación, a escola, como organización, debería ser considerada como unidade de cambio e mellora da educación. E este vai ser precisamente a finalidade que vai subxacer neste documento. Baixo este enfoque, moitas son as interrogantes nos centros, e en xeral, no profesorado, sobre que é o que se debería facer e como se poderían xestionar adecuadamente os recursos do centro de cara a acadar, o máis eficientemente posible os obxectivos previstos no seu Proxecto Educativo, e en definitiva, contribuír a esta mellora e cambio na educación.

Planificación: Que tipo de centro queremos?

- Un centro integrado**, onde o principal obxectivo da comunidade educativa sexa acadar a integración total do alumnado, sen menosprezar as súas circunstancias persoais, relixiosas, étnicas, culturais, económicas...coñecendo as circunstancias anteriores para que no caso da necesidade de educación a distancia o centro poida aportar os recursos informáticos necesarios ás familias que o necesiten.
- Un centro con boas relacións persoais** entre todos os membros da comunidade educativa. Aspecto este fundamental para poder crear un clima de traballo adecuado á nosa actividade de ensino-aprendizaxe.
- Un centro participativo**, que conte coa implicación de tódolos membros da comunidade escolar. Onde a participación das familias siga sendo necesaria e positiva a través dos cauces establecidos (ANPA e Consello Escolar).
- Onde o alumnado aprenda a desenvolver as súas capacidades**, onde se propicie a participación e onde se teñan en conta as capacidades e necesidades específicas de cada quen.
- Un centro con valores**, onde se aprendan non só coñecementos e destrezas senón tamén hábitos de comportamento social. Onde se aprendan valores de tolerancia cos demais, de comportamento democrático, de axuda e compañeirismo, de respecto e igualdade, etc.
- Un centro aberto ó entorno**. Mantendo e mellorando as relacións coas institucións directa ou indirectamente relacionadas coa escola: Concello, servizos sociais,

entidades culturais, así coma outros organismos que poidan aportar apoio e cubrir necesidades do centro.

4.3. Calendario de reunións dos órganos de goberno e coordinación docente

1º TRIMESTRE	
1 SETEMBRO	CLAUSTRO DO PROFESORADO
5 SETEMBRO	R. EQUIPOS
7 SETEMBRO	REUNIÓN XERAL INICIO DE CURSO
13 SETEMBRO	CICLOS
20 SETEMBRO	DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN
27 SETEMBRO	CLAUSTRO/ CONSELLO ESCOLAR
4 OUTUBRO	R. COORDINADORES DE EQUIPOS
11 OUTUBRO	BIBLIOTECA
18 OUTUBRO	E.A.C.E
25 OUTUBRO	E.D.L.G. / (MAGOSTO)
8 NOVIEMBRE	C.C.P.
15 NOVIEMBRE	BIBLIOTECA/ E. CONVIVENCIA
22 NOVIEMBRE	E.TIC/ EDIXGAL
29 NOVIEMBRE	E.D.L.G./E.A.C.E. (PREPARACIÓN NADAL)
13 DECEMBRO	AVALIACIÓN INFANTIL/ 1º E.P.
14 DECEMBRO	AVALIACIÓN 2º/ 3º/4º
20 DECEMBRO	AVALIACIÓN 5º/6ºA/6ºB

2º TRIMESTRE

10 XANEIRO	R. COORDINADORES DE EQUIPOS/ E.D.L.G.
17 XANEIRO	DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN/ E.CONVIVENCIA (DÍA DA PAZ)
24 XANEIRO	E. TIC/EDIXGAL/ BIBLIOTECA
31 XANEIRO	CLAUSTRO, CONSELLO ESCOLAR E COMISIÓN DE CONVIVENCIA
7 FEBREIRO	E.D.L.G. (DÍA DE ROSALÍA, ENTROIDO) E.A.C.E
14 FEBREIRO	C.C.P
28 FEBREIRO	E. CONVIVENCIA (DÍA DA MULLER)
7 MARZO	E. BIBLIOTECA
14 MARZO	DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
21 MARZO	AVALIACIÓN 2º/3º/4º
22 MARZO	AVALIACIÓN INFANTIL E 1º
28 MARZO	AVALIACIÓN 5º/6ºA/6ºB

3º TRIMESTRE

11 ABRIL	R.COORDINADORES EQUIPOS
18 ABRIL	BIBLIOTECA
25 ABRIL	E. D.L.G./ E.A.C.E.
9 MAIO	DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
16 MAIO	C.C.P.
23 MAIO	DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
30 MAIO	AVALIACIÓN INFANTIL E 1º
6 XUÑO	AVALIACIÓN 2º, 3º E 4º
12 XUÑO	AVALIACIÓN 5º, 6º A E 6ºB
20 XUÑO	CORDINACIÓN CICLOS, NIVEIS...
29 XUÑO	CLAUSTRO / CONSELLO ESCOLAR COMISIÓN DE CONVIVENCIA

4.4.- Xornada escolar e horarios do centro

Horarios

O centro ten xornada única en sesión de mañá con horario lectivo de 9:15 a 14:15. O horario está distribuído en seis sesións ou periodos lectivos cun recreo intermedio de 30 minutos .

Catro das sesión diarias son de 50 minutos e hai unha de 70 minutos despois do recreo na que se inclúen os 20 minutos adicados diariamente a hora de leer.

O profesorado está no Centro desde as 8:55 h. para preparar o traballo e facer a vixilancia do transporte. Os responsables da vixilancia saen do Centro despois das 14:30 h., unha vez que marcha o último autobús.

Durante o curso todo o profesorado permanecerá no centro os martes en horario de tarde, de 16 a 18 horas. Así mesmo os luns, mércores, xoves e venres o centro permanecerá aberto en horario de tarde para a realización das actividades extraescolares previstas pola ANPA e o Concello.

Días non lectivos

O Claustro acordou como día de libre disposición o martes 2 de maio.

Horarios do alumnado e do profesorado

Adxúntanse na páxina seguinte

ceip_petelos	Luns						Martes						Mércores						Xoves						Venres					
	1	2	3	4	5	RECRO	1	2	3	4	5	RECRO	1	2	3	4	5	RECRO	1	2	3	4	5	RECRO	1	2	3	4	5	RECRO
	Inf 3	x	Inf 3	Inf 3	Inf 3		Inf 3	Inf 3	Inf 3		x		Inf 3	Inf 3	Inf 3	Inf 3	Inf 3		Inf 3	Inf 3	Inf 3	Inf 3	Inf 3		Inf 3	Inf 3	Inf 3	Inf 3	Inf 3	
María																														
Yolanda																														
Sandra																														
Vanesa																														
ALBA																														
IRIA																														
Susana																														
Ana																														
Ángeles																														
Azu																														

ceip petelos

	Luns					Martes					Mércores					Xoves					Venres							
	1	2	3	4	5	1	2	3	4	5	1	2	3	4	5	1	2	3	4	5	1	2	3	4	5			
			RECRO					RECRO					RECRO					RECRO					RECRO					
Suso		6ºA	6ºB	6ºB	6ºB	6ºB	6ºA	6ºB	6ºB	6ºB	6ºB	6ºB	6ºB	6ºB	6ºB	6ºB	6ºA	6ºB	6ºB	6ºB	6ºB	6ºA	6ºB	6ºB	6ºB	6ºA	Ap. prim	6ºB
Raquel				4º	6ºA			Inf 4	6ºA	6ºB			2º	Inf 5	1º			6ºB	4º	4º			Inf 3	5º	4º			5º
NIEVES	6ºB	3º	6ºA	5º	2º			1º	4º	3º			6ºB	6ºA	3º			6ºA	6ºB	5º			2º	6ºB	4º			3º
Leti	D	D	1º	2º	4º			Inf 5	5º	3º			6ºA	6ºB	4º			6ºA	5º	2º			1º	5º	6ºA			D
Rosa	Oc	Oc	Oc	Oc	Oc			1º	Inf 5	2º			3º	5º	2º			Inf 3	P	Oc			4º	Oc	Oc			Inf 4
Chus	P	P	P	P	P			P	P	P			P	P	P			P	P	Oc			P	Oc	Oc			P
Marcial	PT 1º	PT 1º	PT 5º	PT 5º				PT 5º	PT 1º	PT 5º			PT 5º	PT 1º	PT 5º			PT 5º	PT 1º	PT 5º			PT 1º	PT 1º	PT 5º			PT 5º
PAULA AL	AL 6ºB	AL 6ºB	AL 6ºB	AL 6ºB	AL 6ºB				AL 6ºB	AL 6ºB				AL 6ºB	AL 6ºB				AL 6ºB	AL 6ºB				AL 6ºB	AL 6ºB			AL 6ºB
ORIENTADORA	Oc	Oc	Oc	Oc	Oc																							Oc
LOLI	Oc	Oc	Oc	Oc	Oc				A	Oc			Oc	Oc	Oc													Oc

4.5.- Quendas de vixilancia dos recreos

A vixilancia dos recreos faise tendo en conta o número de alumnos e a atención a diversidade.

No patio de educación infantil haberá dúas mestras e unha coidadora.

No patio de educación primaria haberá tres mestres.

Esta vixilancia realízase en quendas que se repetirán semanalmente entre o profesorado que imparte en primaria, sendo dous os profesores/as fixos que vixiarán cada día e un terceiro que irá rotando, e que queda como segue:

LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
Azu	Alba	Iria	Ana	Paula
Chus	Rosa	Marcial	Ángeles	Suso
Susana	<i>Azu</i>	<i>Suso</i>	<i>Iria</i>	<i>Rosa</i>
	<i>Chus</i>	<i>Paula</i>	<i>Marcial</i>	<i>Alicia</i>
	<i>Ángeles</i>	<i>Susana</i>	<i>Raquel</i>	<i>Ana</i>

En Educación infantil a vixilancia farase entre as profesoras e especialistas que imparten neste ciclo, contando co apoio da coidadora. Farán quendas entre elas tal como queda no cadro.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Sandra	Yolanda	María	Vanesa	Vanesa
Raquel	Alicia	Sandra	Yolanda	María

4.6. Horario de atención ó público

Alumnos/as (horario lectivo)	Setembro - Xuño	9:15 - 14:15
Entrevistas pais	martes (previa cita)	16:00 – 17:00
Secretaría	luns a venres	13:25 – 14:15
Dirección	luns a venres	09:15 – 10:00
Comedor	luns a venres	14:15 - 16:00
Aula “Madruga”	luns a venres	7:30 – 9:00

4.7 Libros de texto e materiais por curso

LIBROS DE TEXTO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2022/2023		
Código de centro: 36019441	Denominación do centro: CEIP de Petelos	
Enderezo: Camiño das Pozas, 21	Concello: Mos	Provincia: Pontevedra
Correo electrónico: ceip.petelos@edu.xunta.es	Teléfono: 886110360	Fax : 886110361

Curso	Área	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua
Infantil 3 anos				
INF. 3A				
Infantil 4 anos				
INF. 4A	GRAFISMO	¡ENCIENDE LA CHISPA! 3. GRAFISMO CREATIVO MANDARINA. Autor: Raúl Bermejo. ED Edelvives 2021	9788414032350	CASTELÁN
INF. 4A	MATEMÁTICAS	QUE CONTAS? NIVEL 2 - Mar Calzado Roldán, Ana M ^a Galindo López, M ^a Dolores Todolí. Grupo Editorial EDELVIVES, 2018	9788490462829	GALEGO
Infantil 5 anos				
INF. 5A	MATEMÁTICAS	PROYECTO CANICAS. MATEMÁTICAS MANIPULATIVAS NIVEL 3- Gredos San Diego Sociedad Cooperativa Madrileña. Editorial Bruño , 2020	9788469619315	CASTELÁN

LIBROS DE TEXTO DE 1º e 2º DE PRIMARIA

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2022-2023		
Código de centro: 36019441	Denominación do centro: CEIP de Petelos	
Enderezo: Camiño das Pozas, 21	Concello: Mos	Provincia: Pontevedra
Correo electrónico: ceip.petelos@edu.xunta.es	Teléfono: 886110360	Fax : 886110361

Curso	Materia	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua
1º primaria				
EP 1º	MATEMÁTICAS 1º	Matemáticas 1º EP. Revuela 22. Bernardo Ruiz, Javier y Martínez García, Raquel. 2022.	9788413924632	CASTELÁN
EP 1º	LENGUA 1º	LENGUA Primeros Pasos PAUTA Construyendo mundos. Equipo editorial. Santillana Obradoiro. 2022	9788468071602	CASTELÁN
EP 1º	CIENCIAS SOCIAIS 1º	CC. SOCIAIS Construíndo mundos. Equipo editorial. Santillana Obradoiro. 2022	9788491854142	GALEGO
EP 1º	CIENCIAS NATURAIS 1º	CC. DA NATUREZA Construíndo mundos. Equipo editorial. Santillana Obradoiro. 2022	9788491854111	GALEGO
EP1º	INGLÉS 1º	ALL ABOUT US NOW 1 (CLASS BOOK PACK) – Reilly, Bazo and Peñate - Ed. OXFORD - 2022	9780194074223	INGLÉS
2º primaria				
EP 2º	MATEMÁTICAS	PIEZA A PIEZA – 3 TRIMESTRES – Ana Carvajal y otros – ANAYA - 2018	9788469838075	CASTELÁN
EP 2º	LENGUA 2º	PALABRAS PARA COMPARTIR – Marian Baquets y otros – SM - 2019	9788491821564	CASTELÁN
EP 2º	CIENCIAS SOCIAIS 2º	SABER FACER CONTIGO – Equipo editorial - SANTILLANA - 2020	9788491850335	GALEGO
EP 2º	CIENCIAS NATURAIS 2º	SABER FACER CONTIGO – Equipo editorial - SANTILLANA- 2020	9788491850366	GALEGO
EP 2º	INGLÉS 2º	ALL ABOUT US NOW 2 (CLASS BOOK PACK) – Ocete, Reilly, Bazo and Peñate - ED. OXFORD - 2022	9780194074438	INGLÉS

LIBROS DE TEXTO DE 3º e 4º DE PRIMARIA

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2022/2023		
Código de centro: 36019441	Denominación do centro: CEIP de Petelos	
Enderezo: Camiño das Pozas, 21	Concello: Mos	Provincia: Pontevedra
Correo electrónico: ceip.petelos@edu.xunta.es	Teléfono: 886110360	Fax : 886110361

Curso	Materia	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua
3º primaria				
3º P	LINGUA 3º	REVOA – Esther Echevarría, Ruth Prada Yáñez e outros – EDITORIAL SM - 2022	9788498548730	GALEGO
3º P	GALEGO 3º	DICIONARIO XERAIS DE PRIMARIA – Xosé Feixó Cid e outros- XERAIS - 2011	9788499140445	GALEGO
3º P	MATEMÁTICA S 3º	PROYECTO CONSTRUYENDO MUNDOS – 3 trimestres – Equipo Editorial. Ed SANTILLANA	9788468071367	CASTELÁN

3º P	CIENCIAS DA NATUREZA 3º	PROXECTO CONSTRUIENDO MUNDOS- OBRADOIRO SANTILLANA - 2022	9788491854104	GALEGO
3º P	CIENCIAS SOCIAIS 3º	PROXECTO CONSTRUIENDO MUNDOS - OBRADOIRO SANTILLANA - 2022	9788491854166	GALEGO
3º P	LENGUA 3º	REVUELA - Esther Echevarría, Ruth Prada Yáñez y otros- EDITORIAL SM - 2022	9788413924830	CASTELÁN
3º P	LENGUA 3º	DICCIONARIO PRIMARIA LENGUA ESPAÑOLA - VOX - ED. ANAYA - 2011	9788471539724	CASTELÁN
3º P	INGLÉS 3º	ALL ABOUT US (CLASS BOOK) - Reilly, Bazo and Peñate - ED OXFORD - 2020	9780194562386	INGLÉS
4º primaria				
4º P	GALEGO4º	LINGUA GALEGA -Aprender é crecer- 3 TRIMESTRES - Cristina Montes Posadas e outros- ANAYA - 2015	9788467880137	GALEGO
4º P	MATEMÁTICAS 4º	PROYECTO SABER HACER - 3 TRIMESTRES - Teresa Grence Ruiz y otros - SANTILLANA - 2015	9788483056097	CASTELÁN
4º P	C. SOCIAIS 4º	PROXECTO SABER FACER- Teresa Grence Ruiz y otros - SANTILLANA - 2015	9788499724256	GALEGO
4º P	C. DA NATUREZA	PROXECTO SABER FACER- Teresa Grence Ruiz y otros - SANTILLANA - 2015	9788499726380	GALEGO
4º P	LENGUA 4º	PROYECTO SAVIA-Pablo Barrena y otros- SM- 2015	9788467575385	CASTELÁN
4º P	INGLÉS	ACTIVITY BOOK PACK. ALL ABOUT US 4. Reilly, Bazo and Peñate. Ed Oxford. 2020	9780194562256.	INGLÉS

LIBROS DE TEXTO DE 5º e 6º DE PRIMARIA

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2022/2023

Código de centro: 36019441	Denominación do centro: CEIP de Petelos	
Enderezo: Camiño das Pozas, 21	Concello: Mos	Provincia: Pontevedra
Correo electrónico: ceip.petelos@edu.xunta.es	Teléfono: 886110360	Fax : 886110361

Curso	Materia	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua
5º primaria				
5º P	LINGUA 5º	DICCIONARIO XERAIS DE PRIMARIA. XERAIS - 2011	9788499140445	GALEGO
5º P	LENGUA 6º	DICCIONARIO LENGUA ESPAÑOLA - ANAYA - 2011	9788471539724	CASTELÁN
6º primaria				

4.8.- Programa anual de actividades complementarias e extraescolares

Como en anos anteriores o profesorado do Colexio, xunto co seu alumnado, está disposto a participar en todas aquelas actividades que se programen para conmemorar aquelas datas sinaladas no calendario escolar, tales como: día contra a Violencia de xénero, día da Paz, día das Persoas con discapacidade , día da concienciación sobre o Autismo, día do Medio Ambiente, día do Libro, día das Letras Galegas, Semana da Prensa, etc. (Traballo na aula e actividades conxuntas de centro)

Así mesmo e tratando de incorporar a nosa cultura á escola, celebraremos: o Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, o Maio... procurando que nestas datas participe toda a Comunidade Escolar para conseguir unha maior convivencia na escola.

Tamén lle damos importancia a decoración do colexio. Como todos os anos, ambientaremos o colexio con motivos alusivos a cada estación , murais e todos aqueles traballos feitos polos nenos e nenas do centro.

Este curso 2022/2023 seguiremos traballando, en colaboración co Equipo de Biblioteca e co de Dinamización Lingüística a actividade: “Proxecto Medioambiental”

Outras actividades a realizar propias de cada ciclo serán :

Educación Infantil

- Actividades ofertadas por Afundación
- Actividades propostas polo Concello de Mos.
- Algunha outra que poida xurdir ao longo do curso que poida estar relacionada cos proxectos que se traballen en cada unha das aulas.
- Calquera outra actividade ou saída que se nos oferte durante o curso e sexa de interese para o noso alumnado.
- Saída fin de curso a Apípolis

Primeiro Ciclo de Primaria

- Actividades ofertadas por Afundación (obras teatrais e espectáculos musicais didácticos)
- Visita ao aeroporto de Vigo
- Excursión a Apípolis
- Actividade “O mundo dos bosques” no centro cultural Naturnova (Afundación)
- Actividades porpostas polo concello de Mos

- Visita ao museo Castro de Vigo
- Calquera outra actividades ou saída ofertada durante o curso que sexa de interese para o noso alumnado.

Segundo Ciclo de Primaria

- Saída ao aeroporto de Vigo
- Actividades propostas polo concello
- Saídas ao Centro Cultural Afundación
- Concerto didáctico
- Saída de fin de curso á “Casa de Rosalía de Castro” (Padrón)
- Calquera outra actividade ou saída que se nos oferte durante o curso e sexa de interese para o noso alumnado

Terceiro ciclo de Primaria

- Saída ao aeroporto de Vigo.
- Visita a escavación arqueolóxica en Pereiras.
- Cine Submariño en Afundación de Vigo.
- Actividades deportivas promovidas pola Consellería e coordinadas pola mestra de E.F.
- Saída aos muíños de Pereiras.
- Saída pola contorna do río Louro.
- Charlas e saídas educativas ofertadas polo Concello.
- Charlas promovidas polo plan director: a) ciberseguridade b) violencia de xénero c) acoso escolar.
- Visita a unha exposición “Desafío Naturnova” en Afundación de Vigo.
- Visita ao mosteiro de Oia para participar nun obradoiro.
- Charla con algún autor/a dalgún dos libros promocionados desde a escola.

- Preparación de bailes, cancións e recitación para as diferentes festas escolares (Entroido, letras galegas, maíos e fin de curso no multiusos).
- Participación no concerto didáctico da banda municipal, promovido pola Escola de música do Concello.
- Excursión de fin de curso.
- Calquera outra actividade ou saída que se nos oferte durante o curso e sexa de interese para o alumnado.

Estas saídas son as planificadas na actualidade, mais poden ter variacións ao longo do curso, xa que poden xurdir novas posibilidades ou aparecer imprevistos que impidan a súa realización, tales como, que non nola concedan ou o mal tempo se se trata dunha saída ao aire libre.

4.9 Plan de traballo equipo de convivencia e igualdade.

O Equipo de Convivencia e Igualdade estará constituído polos seguintes integrantes durante o curso 2022-23:

- Leticia Blanco Collazo (Ed. Física/Dirección do centro)
- Alba Camino Seoane (1º Educación Primaria)
- Iria Cuevas Rodríguez (2º Educación Primaria/Coordinación equipo)
- Marcial Iglesias Amoedo (Pedagogía Terapéutica)
- Rosa Novoa Gallego (Relixión)
- Vanessa Rodríguez Moreno (Apoio Educación Infantil)

O Plan de Traballo a seguir polo Equipo de Convivencia e Igualdade ao longo do curso escolar 2022-23 estará baseado na consecución dos seguintes obxectivos:

1. Traballar no Plan de Mellora da Convivencia e Igualdade revisándoo e adaptándoo ás necesidades máis destacadas do centro seguindo a liña de traballo adoptada no curso pasado, incorporando ao mesmo tempo novas estratexias pedagóxicas que axuden a dar resposta ás mesmas.
2. Traballar sobre a necesidade da reciclaxe e o coidado do medioambiente dentro do proxecto de centro, incidindo na importancia da colaboración de todos e todas no coidado do noso planeta.

3. Dar a coñecer o protocolo de reciclaxe e coidado medioambiental que podemos seguir no día a día para colaborar no coidado do planeta.
4. Promover a importancia das habilidades sociais baseadas nos valores de respecto aos dereitos dos demais e ás súas peculiaridades propias como medio para acadar una boa convivencia.
5. Propiciar a resolución pacífica de conflitos por medio do diálogo, o respecto, a tolerancia, a comprensión e a escoita.
6. Potenciar actitudes de esforzo, motivación e superación como medios fundamentais para acadar o éxito escolar así como calquera obxectivo que nos propoñamos.
7. Levar a cabo distintas actividades que fomenten a cooperación, o respecto e o traballo en equipo para que sexan valorados como medios esenciais para acadar unha boa convivencia así como obxectivos comúns no noso centro educativo.
8. Promover a igualdade e o respecto entre home e muller como un valor fundamental na sociedade actual para previr situacións de violencia de xénero.
9. Destacar a importancia do acadamento da Paz no mundo así como a posibilidade de colaborar con dito obxectivo con pequenas accións da vida cotiá que se sustenten na xenerosidade, a solidariedade, a empatía e o respecto para cos demais.

As actividades a levar a cabo para acadar os obxectivos citados anteriormente serán as seguintes:

- Realización de traballos plásticos por aula que posteriormente serán expostos para levar á reflexión sobre o maltrato con motivo da celebración do Día da Violencia de Xénero que terá lugar o 25 de novembro de 2022.
- Realización de actividades cara á celebración do Día e Semana da Paz 2023 que incluírá a elaboración de mensaxes de paz, realización de actividades en unidades didácticas de aula, visionado de proxecións... Incidirase na importancia de valores como a tolerancia, o respecto e o desexo de acadar un mundo en paz así como do

traballo en equipo e a cooperación como medios imprescindibles para acadalo. Por outra banda levaranse a cabo actividades que fagan referencia ao coidado do medioambiente e á sostenibilidade. O alumnado elaborará traballos plásticos para colaborar na montaxe do Mural da Paz e que tamén serán expostos na Árbore da Paz . Ao longo da Semana da Paz 2023 traballaremos sobre unha canción que faga referencia aos valores fundamentais e imprescindibles para acadar unha boa convivencia así como á importancia da cooperación e a tolerancia nos momentos compartidos no noso centro escolar. Por outra banda, os nosos alumnos/as confeccionarán adornos relacionados coa paz que levarán o Día da Paz 2023 durante o Acto da Paz que terá lugar no patio do noso colexio. Ese mesmo día será retransmitido en directo un programa de Radio Petela adicado á temática da Paz. O recuncho de lectura contará con libros de temática relacionada coa celebración da Paz para que os alumnos/as poidan desfrutar da súa lectura.

- Levaranse a cabo diversas actividades para o Día da Muller de modo que os nosos alumnos/as tomen conciencia da gravidade que supón a desigualdade entre home e muller para a nosa sociedade. Ao mesmo tempo intentarase conciencialos de que poden desempeñar un papel moi importante na sociedade á hora de colaborar na desaparición das desigualdades.
- Faranse chegar ás aulas unha serie de materiais recordatorios referentes ás normas de convivencia máis importantes e que sexa máis necesario traballar para, deste xeito, consolidalas e facer que os nosos alumnos/as as interioricen e as respecten.

Analizarase a realidade actual do centro prestando especial atención ás problemáticas máis habituais para, deste xeito, darlles resposta e dotar ao alumnado das ferramentas necesarias para que as poidan resolver por si mesmos dun xeito pacífico, empático e dialogante.

O Plan de Traballo planificado polo Equipo de Convivencia e Igualdade para o presente curso escolar terá un carácter flexible e, por tanto, estará suxeito aos cambios que sexan necesarios para adaptalo ás necesidades que presente o noso centro educativo en cada momento.

4.10- Plan de traballo Equipo TIC -Proxecto E_DIXGAL

EQUIPO TIC E_DIXGAL

Coordinadoras: Leticia Blanco Collazo e Azucena Rodríguez Campo

Integrantes:

Jesús Rodríguez Amil
Rosa Novoa Gallego
Alicia Castro Cabaleiro
Leticia Blanco Collazo
Raquel Domínguez Senlle
M^a Jesús Navarta Pardo
M^a Dolores Rúas Comesaña
Ángeles Collazo Fidalgo
Marcial Iglesias Amoedo
Azucena Rodríguez Campo.

Na actividade presencial a integración das tics na aula na práctica diaria, o uso continuo dos medios tecnolóxicos e a dotación material coa que contamos permite que teñamos integradas as TIC na práctica diaria docente como unha ferramenta máis de apoio, reforzo e motivación.

Mediante o uso do ordenador, do encerado dixital, do canón, visor de documentos... melloraremos a exposición dos contidos ao ilustrar con maior claridade algúns conceptos e presentalos de forma máis atractiva. Ao mesmo tempo, coa utilización das novas tecnoloxías pretendemos mellorar a motivación cara á aprendizaxe da materia e cara ao uso de recursos informáticos.

Durante este curso continuamos e aumentamos as actividades iniciadas durante o curso pasado co obxectivo primordial de dar a maior cobertura posible ao alumnado priorizando o proxecto dos Polos Creativos e continuando co uso do entorno EVA , dentro do proxecto E_dixgal co que empezamos durante o curso pasado , contando agora con tres aulas (5º, 6ºA e 6ºB).

	OBXECTIVOS	ACCIÓNS
PROFESORES	Inventariar equipos do centro.	.Facer o inventario dos euipos portátiles e tabletas cos que conta o centro. Elaborar unha listaxe cos diferentes contrasinais.
	Facer un seguimento das posibilidades do alumnado nas súas casas.	Identificar ao alumnado con carencias de conexión ou carenciad de equipos informáticos na súa casa. Prever a posibilidade de ceder un equipo en caso de confinamento.
	Continuar dotando ao centro dos medios que potencien o emprego das tic.	Manter as infraestruturas existentes. Manter as infraestructuras e equipos do proxecto Edixgal. Dotar a aula do proxecto Polos creativos.. Facer un seguimento das posibles deficiencias que poidan xurdir nos ordenadores, canóns, encerados dixitais, redes Wifi, servidores,... Actualizar sistemas operativos dos ordenadores do centro.
	Mellorar as competencias do profesorado na utilización das tics.	Dentro do PFPP do centro crear un seminario sobre o manexo do entorno EVA – E_dixgal. Promover cursos de formación sobre robótica.
ALUMNADO	Adquirir competencias de búsqueda e consulta de información a través das tic,	A partir da Aula Virtual utilizar os recursos existentes na rede relacionados coa programación didáctica e que sexan axeitados para completar e favorecer a consecución dos obxectivos das distintas áreas de coñecemento
	Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades e participar en foros, chats... e diversas redes de colaboración	Actualizar e manter a páxina Web do cole. Dotar e usar a aulado proxecto Polos creativos.
	Proporcionar aos alumnos os medios para desnvolver unha boa competencia dixital	Usar diferentes programas educativos. Acceder a diferentes páxinas web. Crear e modificar documentos. Imprimir documentos. Utilizar soportes electrónicos na composición de textos. Editar documentos mediante procesadores de texto. Acceder á información contida nun CD. Utilizar os compoñentes básicos do contorno gráfico do ordenador. Gravar e recuperar documentos. Utilizar o disco duro e usar de dispositivos externos. Aprender a usar os navegadores. Aprender a usa os buscadores. Usar bases de datos sinxelas. Abrir e pechar aplicacións.
	Potenciar a capacidade de	Coñecer e potenciar o uso da robótica

razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento. do alumnado	educativa como ferramenta para desenvolver as competencias clave. Buscar, seleccionar, organizar, e facer un análise crítico da información atopada en internet para a realización de traballos diversos. Estimular a creatividade. Potenciar a integración dos nenos NEAE.
Proporcionar ferramentas para facilitar o traballo en grupo e a comunicación dentro e fóra da aula.	Formación do alumnado sobre o uso da Aula Virtual e do entorno EVA: cómo acceder, as ferramentas de traballo, como entregar unha tarefa...

4.11- Plan de traballo Equipo Biblioteca

Liñas prioritarias de actuación na biblioteca escolar para o curso 2022/23

Liña prioritaria 1: En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como «laboratorio creativo de aprendizaxes»:

Obxectivos:

- 1.-Continuar o rexistro e a catalogación informatizada dos fondos co Meiga , a CDU (Código Decimal Universal), estará visible na biblioteca para favorecer e facilitar o uso adecuado da mesma por parte de toda a comunidade educativa. Ademáis diferenciar por idade cun adhesivo diferente para favorecer a autonomía do alumnado á hora de devolver un conto ao seu sitio.
- 2.-Continuar desenvolvendo actividades de dinamización na BE e implicando a toda a comunidade educativa.
- 3.-Adquirir fondos de libros de consulta e DVDs (co diñeiro do Plambe e do Centro). Para adquirir novos fondos, terase en conta a avaliación do presente curso, o proxecto anual, as propostas do profesorado e da caixa de suxestións do alumnado e as necesidades puntuais ao longo do curso.
- 4.-Fomentar a BE como centro de actividades de metodoloxía innovadoras, imprescindibles para desenvolver proxectos.
- 5.-Potenciar entre o noso alumnado a busca autónoma de información, facendo grupos de formación entre o alumnado para saber xestionar a clasificación de recursos.

- 6.-Abrir a BE , o día das bibliotecas escolares.Horario fixo da utilización da biblioteca por cada titoría.
- 7.-O alumnado de 5º e 6º nivel seguirá colaborando como axudantes de biblioteca durante o recreo.Durante o mes de outubro faremos a selección e despois levaremos a cabo a formación de usuarios para que saiban as funcións e o uso da biblioteca.
- 8.-A Biblioteca estará aberta de luns a venres: de 9:15 a 14:15 e os martes de 16:00 a 17:00.
- 9.-A biblioteca terá asignado o 8 % do presuposto anual do centro para o curso 2022/2023.
- 10.- Difundir as actividades a través do blog da biblioteca, páxina web do centro e twitter.
- 11.-Continuar coa formación do equipo de biblioteca a través de cursos e da PFPP.
- 12.-Xuntanzas do equipo de biblioteca cos responsables das diferentes dinamizacións do centro (Normalización Lingüística, TICs, Actividades Complementarias, Convivencia) para coordinar os traballos de cada trimestre ao principio do mesmo (Magosto, Nadal, Día da Paz, Día da Muller, Día da Poesía, Día do Libro, Letras Galegas...).
- 13.-Continuar o club de lectura para 5º e 6º de primaria.

Liña prioritaria 2: : En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado.
--

Obxectivos:

- 1.-Promover o gusto pola lectura a través de distintos soportes incluíndo computadores con rede wifi, tabletas , proxector e pantalla.
- 2.-Publicación de Guías de Lectura, publicación trimestrais de novidades, tanto fondos como material manipulativo, dirixidos aos usuarios e exposicións temáticas na biblioteca na que participarán o alumnado voluntario da BE.

3.-Dar a coñecer o blog da biblioteca ás familias. Dinamizar e facer visible o traballo da biblioteca : actualidade, convocatorias, conmemoracións, concursos...a través das TIC (actualización do blog na rede, e publicacións periódicas en twiter) .

4.-Comprender e empregar outras linguaxes a través de actividades lúdicas como recursos para a aprendizaxe.

5.-Dinamizar os procesos de lectoescritura, produción e creación de textos a través das entrevistas e da investigación que se fará xunto coas familias dentro do Proxecto Anual.Así mesmo contar coa colaboración da Biblioteca Municipal e do Concello de Mos.

6.-Colaboración coa revista do centro que se publica con motivo das Letras Galegas, sección BE.

7.-Información en Radio Petela a través dos voluntarios da BE.

Liña prioritaria 3: En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual «competencia dixital»):
--

Obxectivos:

1.-Levaranse a cabo actividades para formación de usuarios, a realizar no primeiro trimestre para traballar as normas de Biblioteca xa elaboradas, búsqueda no catálogo Meiga, utilización dos recursos e a CDU .

2.- Diseñar procesos creativos, críticos e reflexivos que favorezan a competencia en aprender a aprender, competencia dixital e competencia en autonomía e iniciativa persoal a través de distintas actividades cos computadores e tablets.

3.- Impulsar a utilización da biblioteca tendo en conta as normas de funcionamento (orden, colocación de materiais e fondos ,préstamos ...) coa participación nos recreos dos voluntarios da BE.

4.-Preparación de actividades relacionadas coa educación documental (concursos, sesións informativas, investigación, charlas, obradoiros...).

5.-Continuar a formación do equipo de Biblioteca co PFPP,o próximo curso estará encamiñado a creación de recursos, propostas STEM e obradoiros.

Liña prioritaria 4: En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector de centro.

Obxectivos:

1. Promover a información e formación ás nais e pais da necesidade de que sexan modelos de bos lectores para que estimulen a lectura nos seus fillos.
- 2.-Elaborar un Itinerario Lector por niveis. Orientarase ao profesorado en relación aos itinerarios lectores e na organización e dinamización das bibliotecas de aula.
- 3.-Continuar coa “Hora de Ler” de forma sistemática en todas as aulas, fomentando e avaliando a súa efectividade.
- 4.-Continuar coas mochilas viaxeiras (primaria) e bolsa viaxeiras(infantil).
5. Difundir o gusto pola lingua, a busca e difusión da información no plano oral e escrito.
- 6.-Continuar co “Club de Lectura” co alumnado de 5º e 6º nivel.
- 7.-Continuar coa participación das familias coma contacontos "Familias Lectoras".
- 8.- Publicación de Guías de Lectura, oferta de actividades de animación á lectura e visitas das autores en relación aos libros do itineraio lector.
9. Achegar a comunidade educativa a lingua e as TIC no plano oral e escrito.
- 10.- Promover a lectura a través de: obradoiros, contacontos, audiocontos, posters dixitais (audios, propostas de guía de lectura, texto).
- 11.-Empregar a Radio Escolar como altavoz das diferentes creacións dos alumnos.
- 12.-Todas as actividades levaranse a cabo en colaboración co ENDL, Equipo de Actividades Complementarias , Equipo de convivencia e co Equipo das TICS.

Liña prioritaria 5: En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva e

solidaria:

Obxectivos:

- 1.-Facilitar ó acceso ás ferramentas TIC por parte do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxe e colaborando co departamento de orientación e o profesorado implicado, especialmente co profesorado PT e AL do centro, tratando de proporcionar os materiais necesarios tendo en conta as peculiaridades do alumnado.
- 2.-Dinamizar planificacións multinivel (DVA).
- 3.-Dinamizar unha Biblioteca aberta ás familias e a cidadanía durante o curso escolar.
- 4.-Fomentar o uso do material mercado este curso sobre atención a diversidade, inclusión, coeducación e valores.
- 5.-Utilización de pictogramas ARASAAC para facilitar a comunicación funcional e a accesibilidade cognitiva a todo o alumnado do centro.

OUTRAS ACTUACIÓNS

- 1.-Establecer normas para devolución e préstamos no recreo.
2. Establecer normas de uso de materiais na biblioteca (ordenadores, tabletas, xogos,...)
- 3.-Na programación xeral anual recóllense as liñas básicas de funcionamento, obxectivos e actividades da Biblioteca para o curso escolar. Ademais contéplase nas concrecións curriculares, nas programacións didácticas e no Proxecto Lingüístico de Centro.
- 4.-Establecer a principios de curso o Proxecto Anual de biblioteca que se incluírá na PXA. No mes de xuño elabórase a Memoria de Biblioteca que se inclúen na Memoria Final de curso.
- 5.-Continuar participando nos proxectos ofertados dende Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos :biblioteca creativa, Radio na biblio, Club de lectura, Voluntariado de Lectura-A.

CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES QUE SE VAN A

UTILIZAR

A avaliación será cada trimestre e polo tanto , unha avaliación continua como instrumento de retroalimentación que dea información para a mellora e reformulación do proxecto. Tamén haberá avaliación final no mes de maio a partir dos datos obtidos nas avaliacións continuas.

Os criterios serán:

- Grao de consecución dos obxectivos e grao de realización de actuacións.
- Significatividade das actividades realizadas para o contexto educativo.
- Grao de satisfacción das persoas implicadas: familias, profesorado, alumnado, institucións,...
- Axustes nos recursos, na temporalización e nas temáticas a tratar

Teranse en conta: as reflexións realizadas, os logros e incidencias do proxecto e as propostas de mellora.

Os instrumentos de avaliación serán. Cuestionarios e enquisas de avaliación. Observación directa e sistemática. Rexistros: de traballos, de filmes visionados, de contos traballados, blog...

Unha vez rematado o curso, farase unha pequena reflexión sobre os obxectivos acadados, problemas atopados polo camiño, grao de utilidade e significatividade para o proceso de ensino e aprendizaxe...

PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE/DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA

ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO .

O funcionamento e organización da biblioteca estará a cargo do equipo de apoio: Yolanda Pereira Devesa, M^a Vanesa Rodríguez Moreno, Susana Vázquez Bouza, Suso Rodríguez Amil, Leticia Blanco Collazo, Raquel Domínguez Senlle, Paula Rodríguez Pérez, Marcial Iglesias Amoedo e M.^a Vanesa Graña Fernández. A persoa designada como responsable /dinizadora da biblioteca: M^a de los Ángeles Collazo Fidalgo.

4.12. Plan PROXECTA

Plan Proxecta: 01. Aliméntate ben

TÍTULO “Somos o que comemos”

No momento actual ,onde os nosos nenos e nenas teñen o seu alcance cada vez mais variedade de alimentos, estamos comprobando que as eleccións tanto por parte dos nenos coma das familias alónxanse en moitos casos do que sería unha alimentación saudable.

OBXECTIVOS

Coa posta en marcha deste proxecto pretendemos:

1. Dar a coñecer novos modelos de alimentación saudable (como por exemplo o prato de Harvard)
2. Fomentar o consumo de froita fresca e lácteos.
3. Mellorar os hábitos alimenticios xerais do noso alumnado comezando polos almorzos na escola.
4. Fomentar o gusto pola cociña a través de actividades compartidas en familia.
5. Facer conscientes os nosos alumnos e familias dos pequenos cambios que é necesario levar a cabo nas nosas costumes no referente a alimentación e nutrición.

ORGANIZACIÓN

As actividades realizaranse por todo o alumnado do centro adaptando estas as características e niveis de cada un. En cada trimestre proporanse actividades específicas como as seguintes:

*Elaboración dos almorzos saudables.

*Reparto de froita fresca e leite.

*Elaboración de diferentes receitas saudables (Programa de cociña)- Escribimos a receita, preparamos os ingredientes, elaboramos a receita e grabamos todo o proceso).

*Coñecemento dos diferentes tipos de alimentos e a súa distribución (Prato de HARVARD)

*Actividades en colaboración co Concello de Mos e outras entidades(Charlas alimentación saudable)

AVALIACIÓN

Para a avaliación do proxecto teremos en conta:

1. Participación do alumnado nas actividades.
2. Mellora dos hábitos relacionados coas merendas dos alumnos.
3. Implicación das familias.

Comezaremos cunha avaliación inicial a través dun cuestionario de hábitos saudables. Con este queremos coñecer os hábitos dos nosos alumnos e as súas familias.

Avaliaremos as diferentes actividades tendo en conta o grado de participación e implicación dos alumnos e as familias.

Para a avaliación final teremos en conta os cambios observados nos nosos alumnos (modificacións nos seus almozos, coñecemento dos diferentes tipos de alimentos, o deseño correcto dun prato equilibrado)

Todo isto farémolo a través dunha observación no tempo dos cambios nas merendas, co emprego de cuestionarios e listas de control.

Plan Proxecta: 02. Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD)

TÍTULO

"Movémonos con Petela"

A nosa intención é promover hábitos saudables entre o noso alumnado e as súas familias. Fomentar dende pequenos unha alimentación saudable, a práctica de actividade física diaria e como estos dous factores inflúen na melloradas súas capacidades e na súa calidade de vida. Creemos que é fundamental implicar as familias neste proceso de hábitos saudables, pois o entorno no que se desenvolven os nosos alumnos é determinante.

OBXECTIVOS

1. Fomentar a práctica de diferentes tipos de actividade física.
2. Descubrir o noso alumnado a gran variedade de actividades físicas e deportivas.
3. Fomentar unha alimentación saudable a través dos almozos na escola.
4. Facer conscientes as familias da importancia da actividade física e a mellora dos hábitos saudables (alimentación, descanso, hixiene,..).
5. Implicar as familias na realización de actividade física fora do horario escolar.

ORGANIZACIÓN

Trataremos de implicar a toda a comunidade educativa na realización destas actividades.

1º- Comezaremos realizando un cuestionario para coñecer cal é a situación inicial do noso alumnado e as familias. Profundizar no coñecemento dos hábitos de actividade física.

2ºContinuarase coa proposta de actividades diferentes no tempo de lecer, cunha estruturación do patio de recreo para o disfrute de todo o alumnado (caixa do recreo).

3º Un ano mais continuaremos coa nosa proposta de almozos saudables. Elaboración por parte dos alumnos do seu horario de almozos.

4º Deporte no recreo (integrado este dentro das propostas de actividades para o tempo de lecer)

5º Actividades na natureza. Camiñatas por sendeiros, búsquedas de tesouro. Con estas actividades tamén traballaremos o respecto pola natureza e o seu coidado.

6º Actividades coas familias.

7º Radio Petela - programa relacionado coa actividade física.

8º Desenvolvemento de concursos o longo de todo o curso. Os premios entregados serán material deportivo.

"Facemos deporte con Petela"- Concurso de debuxo

"Concurso cultural en Radio Petela"

"Sumamos pasos"

9º Actividades propostas pola Fundación Deporte galego a través do programa XOGADE.

10º Actividades de colaboración con outras entidades e asociacións (O Concello, clubs deportivos da contorna, Bádminton+,...)

AVALIACIÓN

Para a avaliación das actividades teremos en conta:

1. Cuestionarios de valoración de cada actividade para o alumnado e o profesorado, con propostas de mellora.
2. Participación do alumnado nas diferentes propostas.
3. Traballos realizados polos alumnos nas diferentes actividades.
4. Suxerencias de mellora dos diferentes axentes implicados nas diferentes actividades.

Plan Proxecta: 34. O monte vivo

TÍTULO “Coidamos o noso monte”

Na nosa sociedade estamos cada vez mais desvinculados do monte e da súa importancia para a nosa calidade de vida. Co cambio climático e de estrutura da sociedade o coidado do monte ten menor importancia e a súa destrución e os incendios forestais están cada vez mais presentes. Queremos inculcar nos nosos alumnos o respecto cara o entorno e o noso monte e que coñezan e teñan a súa disposición os recursos cos que contamos para coidalo noso medio.

OBXECTIVOS

Fixamos 3 obxectivos básicos para este traballo:

1. Coñecer a contorna do centro (flora, fauna)
2. Fomentar hábitos para o mantemento e mellora dos recursos naturais.
3. Descubrir as posibilidades dos nosos montes (Económicas, de lecer,...)

ORGANIZACIÓN

As actividades levaranse a cabo o longo de todo o curso e centraranse en:

1. Saídas de limpeza de residuos e coidado do monte.
2. Análise da situación dos montes da nosa contorna (Envío de cartas as comunidades de montes , Concello explicando a nosa visión(Que observamos) e melloras a realizar para manter os montes e evitar incendios forestais)
3. Coñecemento da flora e da fauna da nosa zona e que podemos facer para mantela.
4. Charla por parte de técnicos do noso distrito forestal (Distrito 18- Vigo-Baixo miño).
5. Elaboración dun anuncio, reportaxe ou cuña publicitaria sobre o coidado do monte e a súa importancia.

As metodoloxías serán activas implicando ao alumnado no deseño, desenvolvemento e avaliación de todas as actividades, poñendo os alumnos e alumnas no centro das súas propias aprendizaxes.

AVALIACIÓN

A avaliación realizarase en 3 fases.

1. Unha avaliación inicial, para coñecer que sabe o noso alumnado e cal será o noso punto de partida.
2. Unha avaliación trimestral, para saber como se está a desenvolver o proxecto.
3. Unha avaliación final para coñecer o grado de consecución de cada un dos obxectivos fixados.

Para realizar estas avaliacións axudarémonos de cuestionarios para o alumnado, traballos finais dos alumnos, opinión sobre as actividades.

4.13.- *Persoal non docente*

Neste curso o colexio conta coa seguinte relación de persoas, que se ben, non forman parte do profesorado docente, dunha forma ou outra, están relacionadas directa ou indirectamente co centro, coas súas instalacións e mantemento ou coas actividades que se realizan:

- ❑ **Persoal de limpeza:** O centro conta con 2 persoas que realizan diariamente o servizo de limpeza do centro e que teñen como xefe de persoal directo á persoa responsable da concellalía de educación do Concello de Mos.
- ❑ **Persoa de mantemento:** O centro dispón dunha persoa de mantemento para solucionar problemas de averías, reparacións leves e mantemento xeral do edificio, patios e zona axardinada.
- ❑ **Coidadores de comedor:** É a persoa posta pola empresa de cátering coa que o centro realiza o servizo de comedor escolar, e a que se lle encomendan as funcións de coidado do alumnado durante o tempo de comedor e ata o comezo das actividades extraescolares da tarde (é dicir, de 14:15 a 16:00 horas).
- ❑ **Coidadora de “aula madruga”:** É a persoa responsable dos alumnos anotados a esta actividade entre as 7.30 e as 9.00.
- ❑ **Coidadora de alumnos con NEAE:** É a persoa responsable do coidado e hixiene de tres alumnos que están na aula de 4º de educación infantil.

4.14.- Comedor escolar



Dende o primeiro día do comezo de curso ata o último día procedemos á apertura do comedor escolar no colexio. Expoñemos de seguido as características do mesmo e as condicións para a súa utilización:



Condicións e características do servizo de comedor

- Empresa de catering: “**Arelas**”.
- Alumnado: Alumnos de Educación Infantil e Primaria.
- O alumnado estará atendido, en todo momento, por unha coidadora durante o tempo de comedor ata que os veñen a recoller as familias (de 14:15 a 16:00 h).
- O alumnado non precisa traer ningún tipo de material.
- O prezo para o alumnado neste curso será de **6,00 €** por día solto e por alumno/a, **89,25 €** se se quedan todos os días.
- O comedor non conta con transporte escolar.

NOTA

Respecto das normas relativas á organización e utilización do servizo do comedor escolar aplicarase a normativa establecida nas Normas de Organización e Funcionamento do centro.

4.15.- Transporte escolar

 RUTAS DO TRANSPORTE ESCOLAR 		
RUTA-1 (Torroso)	RUTA-2 (Veigadaña)	RUTA-3 (Petelos/Tameiga)
<input type="checkbox"/> Gándara	<input type="checkbox"/> Aquilino	<input type="checkbox"/> Emisora
<input type="checkbox"/> Moreno	<input type="checkbox"/> Rubial	<input type="checkbox"/> Rexenxo
<input type="checkbox"/> Gandarela	<input type="checkbox"/> Veigadaña	<input type="checkbox"/> Sito Laxe
<input type="checkbox"/> Carballido	<input type="checkbox"/> A Capilla	<input type="checkbox"/> San Eleuterio
<input type="checkbox"/> Gazapo		<input type="checkbox"/> Cruce autovía
<input type="checkbox"/> Fontiña		<input type="checkbox"/> Concello
<input type="checkbox"/> Outeiro		<input type="checkbox"/> Valteiro
<input type="checkbox"/> Gasoletas		<input type="checkbox"/> Porteliña
<input type="checkbox"/> Alto Barreiro		
<input type="checkbox"/> Rodeira		

NOTA

Respecto das normas relativas á organización e utilización do servizo do transporte escolar aplicarase a normativa establecido nas Normas de organización e funcionamento do centro e o disposto pola Inspección de Transporte Escolar así como o establecido no Plan de Adaptación en relación co transporte escolar.

4.16.- Utilización das instalacións do centro

O Centro consta dun edificio de dúas plantas, cun ximnasio anexo a través dun patio cuberto. Na planta baixa, ubícanse as aulas de Educación Infantil, 1º de Educación Primaria, aula de música (salón de actos), as dependencias administrativas e un ximnasio (nun edificio anexo).

Na primeira planta alberga as aulas de 2º, 3º, 4º, 5º e 6ºA e B curso de Educación Primaria, a aula de Pedagogía Terapéutica, a aula de Informática/Polos creativos, a biblioteca, a aula de Audición e Linguaxe e o Departamento de Orientación.

O patio de recreo ten unha extensión adecuada, con varias zonas verdes, árbores e zonas axardinadas. Ademais hai pistas polideportivas e un patio específico para o alumnado de educación infantil.

- Existen 7 unidades de Educación Primaria e 3 de Educación Infantil. Existen tamén locais de uso compartido: Usos múltiples (aula de música, reunións, charlas, proxeccións, representacións), aula de informática/Polo creativo, e biblioteca.
- As aulas de PT (Pedagogía Terapéutica) e AL (Audición e linguaxe) ubícanse nas súas respectivas titorías situadas no 1º andar. Alí o profesorado especialista desenvolve o seu traballo con aquel alumnado que precisa saír puntualmente da aula ordinaria.
- O servizo de orientación sitúase na planta primeira e utilízase tamén como lugar de reunións de coordinación, reunións de departamentos, e entrevistas para pais.
- A aula de informáticaPolos creativos estará durante este curso en renovación e actualización. Utilizarase, ademais de durante as horas lectivas, polas tardes durante as actividades extraescolares.
- A biblioteca está situada na primeira planta.
- O comedor escolar está situado na planta inferior.
- O local da ANPA sitúase na planta inferior, ao lado do comedor, quedando á disposición dos representantes dos pais e nais para gardar o seu material ou manter reunións de coordinación.

No caso de que calquera institución precise da utilización das instalacións do centro, deberá solicitalo por escrito á dirección do centro, describindo o programa de actividades e propósito da súa utilización, así como responsabilizándose dos posibles desperfectos causados. A dirección do centro presentará esta solicitude ante o Consello escolar e unha vez aprobada enviarase a Inspección educativa para a concesión do permiso de uso.

4.17.- Actividades extraescolares – ANPA: 2022-23

Oferta de actividades no CEIP DE PETELOS

Días	Actividades	Cursos	Hora
LUNS	Multideporte (Concello) Piscina	Infantil Primaria	16:00 a 17:00 h Na piscina Municipal
MARTES	Futbito (Concello) Inglés (Concello) Peque baile (ANIAS) Baile moderno (ANIAS)	Primaria Primaria Infantil Primaria	16:00 a 17:00 h 16:00 h 16:00 a 17:00 h 17:00 a 18:00 h
MÉRCORES	Defensa persoal (Óscar)(**)	Primaria	16:00 a 17:00 h
XOVES	Pintura (Ricardo) (**)	De 5 anos a 6º	16:00 a 18:00 h
VENRES			

4.18.- Actividades extraescolares e complementarias – Concello 2022-23

Dende a Concellería de Educación retomamos as actividades dentro do horario lectivo con total normalidade neste curso 2022/2023 .

As actividades que se veñen a propoñer funcionan como un instrumento de apoio para as persoas titoras, ao profesorado do centro e ás familias en todo o que supón a tarefa educativa.

Un dos fins que se pretende conseguir dende a Concellería é o da mellora na convivencia escolar, familiar e cidadá a través dunha serie de proxectos pedagóxicos sobre temas concretos que resulten atractivos para ó alumnado e que se encarguen de favorecer o seu proceso de ensinanza – aprendizaxe, nos diferentes niveis (lingüístico, cognitivo, motriz e socio-afectivo).

As actividades que se propoñen pretende ser un traballo en rede no mesmo Concello de Mos, constituíndo así unha oferta de calidade (educación ambiental e coñecemento do medio natural, educación en valores, educación emocional, ...) A intención última da nosa programación é a de que o alumnado medre nos diferentes niveis: académico, persoal e humano.

MES	PERSOAS DESTINATARIAS	ACTIVIDADE
SETEMBRO	5º e 6º primaria	Visita prospección arqueolóxica. 2ª Fase Castro de Pereiras
NOVEMBRO <i>25 novembro – Día Internacional da Violencia de Xénero</i>	4º e 3º Educación Primaria	Actividade Igualdade “ Charla de prevención impartida polo CIM de Mos”
	Educación Infantil	Contancontos coa temática da prevención violencia de xénero
DECEMBRO	Educación infantil	Contacontos LSE
	2º o 3º primaria	Actividade integración polo día da discapacidade
	Educación Infantil	Contacontos de Nadal e paxe real